



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 11 de decembro de 2020 (920/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego (on line)  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e corenta minutos do día once de decembro de dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1070).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 30.01.2020, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

## **2(1071).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DO SERVIZO DE SUPERVISIÓN E APOIO LOXÍSTICO FRONTE AO COVID 19 NO ÁMBITO DA PROGRAMACIÓN DO NADAL 2020-2021. EXPTE. 7486/106.**

Visto o informe de fiscalización de data 11/12/2020, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada coa mesma data, que di o seguinte:

### **11.- Propostas de adxudicación**

c) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos do servizo de supervisión e apoio loxístico fronte ao COVID 19 no ámbito da programación do Nadal 2020-2021 (7.486-106)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado aberto simplificado para a contratación de servizos do servizo de supervisión e apoio loxístico fronte ao COVID 19 no ámbito da programación do Nadal 2020-2021 (7.486-106)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 12 de novembro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado tramitación urxente de servizos do servizo de supervisión e apoio loxístico fronte ao Covid 19 no ámbito da Programación do Nadal 2020-2021, segundo as condicións aprobadas no referido prego de prescricións técnicas particulares de data 11/11/2020, así como aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 11/11/2020.*

*SEGUNDO.- - Autorizar o gasto de 41.034,50 euros (o importe sen IVE é de 33.912,81 €; o IVE do 21% é de 7.121,69 euros); dos cales 33.143,25 euros corresponden á anualidade 2020 con cargo á partida orzamentaria 4310.2279901 (PROGRAMA DE DECORACIÓN E ANIMACIÓN DO NADAL) e 7.891,25 euros con cargo á anualidade 2021.*

*TERCEIRO.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación polo procedemento aberto simplificado e tramitación urxente conforme ao previsto na LCSP”.*



## Concello de Vigo

**Segundo.-** A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 9 de decembro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos do servizo de supervisión e apoio loxístico fronte ao COVID-19 no ámbito da programación do Nadal 2020-2021 (7.486-106) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1	ESCENA SONORA PRODUCCIÓN CULTURAL, S.L.	65,49
2	TRISQUEL SERVICIOS AUXILIARES, S.L.U.	60,00
3	MENKEPEER NORTE, S.L.	59,52
4	EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.-L.U.	49,41
5	SILICIA SERVICIOS INTEGRALES, S.L.	0,00

*Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESCENA SONORA PRODUCCIÓN CULTURAL, S.L. (B-32.487.191), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación, ao non estar inscrito nun rexistro de contratistas:*

- a) A documentación esixida na cláusula 8.5 do PCAP: declaración de non estar incurso en ningunha das prohibicións de contratar enumeradas no artigo 71 da LCSP, documentos acreditativos da personalidade xurídica, documentos acreditativos da representación, acreditación da solvencia e habilitación profesional.
- b) A documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP:
  - Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.
  - Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
  - Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV”.

**Terceiro.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESCENA SONORA PRODUCCIÓN CULTURAL, S.L., o día 9 de decembro de 2020, que presenta a documentación requirida os días 10 e 11 de decembro, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 11 de decembro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ESCENA SONORA PRODUCCIÓN CULTURAL, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ESCENA SONORA PRODUCCIÓN CULTURAL, S.L., de conformidade co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor de data 9 de decembro de 2020.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a ESCENA SONORA PRODUCCIÓN CULTURAL, S.L. (B-32.487.191) o procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos do servizo de supervisión e apoio loxístico fronte ao COVID 19 no ámbito da programación do Nadal 2020-2021 (7.486-106) por un prezo total de 41.034,50 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.121,69, cunha porcentaxe única de redución dos prezos unitarios recollidos no apartado 3.G da FEC e do importe dos custos fixos recollido no apartado 3.A da FEC do 7 % e coas seguintes condicións:*

- Comprométese a por a disposición do servizo 10 horas laborais diúrnas sen custo para a Administración.*
- Comprométese a por a disposición do servizo 10 horas festivas diúrnas sen custo para a Administración.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*



**Concello de Vigo**

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(1072).- INFORME SOBRE O RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO CONTRA O ACORDO DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE APERTURA, CONTROL, MANEXO DE EQUIPAMENTO E PECHE DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES. EXPTE. 3275/611.**

Dáse conta do informe-proposta do 10/12/2020, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto dos servizos de apertura, control, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do procedemento aberto dos servizos de apertura, control, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (PPT).

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** En data 17 de xullo de 2020, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en diante XGL), aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto dos servizos de apertura, control, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes, así como a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación.

**Segundo.-** En data 23 de xullo de 2020, publicouse o anuncio de licitación deste procedemento no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, iniciándose o prazo de presentación de ofertas ese mesmo día, e rematando o 19 de agosto.

**Terceiro.-** En data 12 de agosto, D. Carlos Somoza Fouces, actuando en nome e representación da mercantil ALCOR SERVICIOS ESPECIALES, S.L. mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia (en adiante TACGAL ou Tribunal), interpón recurso especial en materia de contratación contra o prego de condicións administrativas do procedemento aberto dos servizos de apertura, atención ao público, control, manexo de equipamento técnico das instalacións e peche das instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes. Este recurso foi desestimado por Resolución nº 135/2020 do TACGAL.

**Cuarto.-** En datas 14 e 18 de setembro de 2020, a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, acordou admitir neste procedemento os seguintes licitadores:

- EULEN, S.A.
- GRUPO SIFU GALICIA, S.L.
- INTEGRA MANTEMENTO, XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S.L.
- OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS, S.L.
- SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L.
- SERVIPLUSTOTAL, S.L.
- UNIUM SERVICIOS AUXILIARES

Na sesión de 18 de setembro de 2020 procedeuse a apertura do sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor”, e solicitouse informe de valoración do mesmo ó servizo xestor. Este evacúase en data 24 de setembro polo adxunto ao xefe do Servizo de Deportes. O mesmo é aceptado pola Mesa na sesión de 29 de setembro. Nesta mesma sesión abriuse o sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula” e solicitouse novo informe ó citado servizo, que o emite en data 30 de novembro.

**Quinto.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 5 de outubro de 2020 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas neste procedemento pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 29 de setembro de 2020, de SERVIPLUSTOTAL, S.L. e GRUPO SIFU, S.L. por non acadan o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de apertura, control, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (3.275-611) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación total</b>
1	UNIUM SERVICIOS AUXILIARES	84,10
2	INTEGRA MANTEMENTO, XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S.L.	82,38



## Concello de Vigo

	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación total</b>
3	SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L.	80,34
4	OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L.	72,43
5	EULEN, S.A.	35,93

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UNIUM SERVICIOS AUXILIARES (B-72.245.798), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*

*Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Sexto.-** En data 29 de outubro D<sup>a</sup>. María del Pilar Aledo Martínez, en nome e representación da sociedade INTEGRMA MANTENIMENTO XESTION E SERVICIOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO-GALICIA, S.L., presenta escrito solicitando:

a) “Realice una comprobación con el departamento de informática respecto a si el archivo presentado cumple con los requisitos del apartado 6.A y el tamaño de la letra es uniforme y tamaño 11 y del formato establecido.

b) Proceda a reducir la puntuación de UNIUM en un 25% por aplicación del Pliego. Solicitamos copia del expediente, en concreto, el contenido del sobre B de la licitadora UNIUM a efectos de valoración de posible Recurso”.

**Sétimo.-** En data 11 de novembro de 2020 emitiron informe:

- O xefe do Servizo de Administración Electrónica e o programador informático, en relación co cumprimento dos requisitos de presentación das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor esixidos no apartado 6A no Anexo I -FEC- do PCAP de todos os licitadores presentados a esta licitación
- O adxunto ao xefe do Servizo de Deportes en relación coa nova valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor á vista do informe anterior.

Na sesión do 16 de novembro de 2020 a Mesa aceptou estes informes e acordou “continuar coa tramitación do expediente sen necesidade de retrotraer actuacións, dado que a nova orde de clasificación das proposicións non varía en absoluto respecto da clasificación aprobada o 5 de outubro de 2020, polo que a retroacción de actuacións resultaría inútil e artificiosa. O principio de economía procesal pugna contra calquera retroacción de actuacións das que non se derivaría alteración do sentido do acto impugnado (Sentencia do Tribunal Supremo, Sala Terceira, do 23 de febreiro de 2012)”.

**Oitavo.-** En data do 19 de novembro de 2020, D<sup>a</sup>. María del Pilar Aledo Martínez, en nome e representación da sociedade INTEGRMA, presenta documento rexistrado co número 200246231, ao que acompaña poder de representación, no que solicita:

“se proceda a la exclusión de aquellas empresas que no hayan superado el umbral mínimo de puntuación en aplicación del apartado 7 del Anexo I del PCAP que establece “Aquelas ofertas situadas no intervalo de calidade técnica inadecuada serán excluídas do proceso de licitación”.

Este solicitude é obxecto de informe xurídico da técnica do servizo de Contratación, de data 26 de novembro, o cal foille notificado o interesado o día seguinte.

**Noveno.-** En data 23 de novembro de 2020 a Mesa de Contratación, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

**Décimo.-** En data 26 de novembro de 2020, a XGL acordou adxudicar o contrato a UNIUUM SERVICIOS AUXILIARES, S.L. (en adiante UNIUUM ou o adxudicatario) Este acordo lle foi notificado ós licitadores o día 27 do mesmo mes.

**Undécimo.-** En data 4 de decembro de 2020, D<sup>a</sup>. María del Pilar Aledo Martínez, en nome e representación da sociedade INTEGRA, interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal administrativo de contratación pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TA-CGAL), contra a acordo de adxudicación do procedemento.

**Duodécimo.-** En data 7 de decembro de 2020, o xefe adxunto do servizo de Deportes, emite informe sobre as alegacións formuladas neste recurso.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

### Obxecto deste recurso especial en materia de contratación

É obxecto da presente impugnación acordo da Xunta de Goberno Local de 26 de novembro de 2020 de adxudicación do procedemento aberto dos servizos de apertura, control, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes a UNIUUM SERVICIOS AUXILIARES.

-II-

### Lexislación aplicable

É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.





## Concello de Vigo

- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

### -III-

#### **Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso**

A lexislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.
- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscripción dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.
- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.
- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.
- Contratos subvencionados e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando éstas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comenzo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.

### -IV-

#### **Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso**

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso se prevén nos artigos 44, 48, 50 e 51 da LCSP. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos no presente recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, a efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo no presente informe en caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a inadmisión deste.

**A)** En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos dictados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 LCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerárase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.
- c) Os acordos de adxudicación.
- d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.
- e) A formalización de encargos a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.
- f) Os acordos de rescate de concesións.

Así, a impugnación do acordo de adxudicación é susceptible de recurso especial en materia de contratación.

**B)** En relación cos **requisitos subjectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso (artigo 48 LCSP):

- As persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.
- As organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpra as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. En todo caso, entenderase lexitimada a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.

É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, senon que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación *ad causam*. Para precisar esta cuestión é preciso acudir á xurisprudencia e á doutrina elaborada polos Tribunais Central e Territoriais de recursos contractuais, segundo a cal as organizacións empresarias, como a recorrente, ostentan lexitimación activa para recurrir.

Neste caso é indubitable que INTEGRA, na súa cualidade de licitador, posúe lexitimación activa.

**C)** Como **requisitos formais** a lei esixe que o recurso se presente por escrito (artigo 51 LCSP).

O **escrito de interposición do recurso** deberá especificar (artigo 51.1 LCSP):

- O acto do procedemento obxecto do recurso.
- Os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente.



## Concello de Vigo

- As medidas cautelares cuxa adopción solicite.

Ao escrito de recurso deberá acompañarse a seguinte documentación:

- a) O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurase unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo órgano, nese caso poderá solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.
- b) O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- c) A copia ou traslado do acto expreso que se recurra, ou indicación do expediente en que se ditase ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicou.
- d) O documento ou documentos no que funde o seu dereito.
- e) Un enderezo de correo electrónico «habilitado» ó que enviar, de conformidade coa disposición adicional decimoquinta, as comunicacións e notificacións.

O **escrito de interposición do recurso** deberá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderase presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver o recurso. Os escritos presentados en rexistros distintos destes dous últimos deberanse comunicar ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente no Rexistro Xeral deste Concello.

**D)** Por último, respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles. E a continuación establece as regras de cómputo do mesmo (artigo 50.1 e 2 LCSP):

- Cando se interpoña contra a adxudicación do contrato, o cómputo iniciarase a partir do día seguinte a aquel en que esta se lles notificou, de conformidade co establecido na disposición adicional décimoquinta, aos candidatos ou licitadores que fosen admitidos no procedemento.

O recurso foi interposto no rexistro xeral do TACGAL en data 4 de decembro de 2020. Dado que o acordo de adxudicación foi notificado ó recorrente o día 27 de decembro de 2020, e publicado no perfil de contratante o mesmo día, o recurso foi presentado en prazo.

Podemos concluir, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar deste a admisión do recurso.

-V-

### Motivos de impugnación da resolución recorrida

INTEGRA estrutura o seu escrito nun único motivo de impugnación. Considera que é incorrecta a interpretación realizada por esta Administración das regras de puntuación da documentación técnica incluída no sobre B fixadas no apartado 7. A da FEC do PCAP. A correcta aplicación das mesmas, en concreto do umbral de puntuación mínimo esixido, en su opinión implicaría a exclusión deste procedemento dos licitadores UNIUM e SERVICIOS AUXILIARES. Dado que estas

empresas son as dúas primeiras clasificadas e por ende, UNIUM a adxudicataria, a súa exclusión implicaría que o recorrente fose o adxudicatario deste procedemento.

Comenzaremos por expoñer as regras de presentación da documentación do sobre B e a continuación analizaremos as regras de valoración da mesma.

O sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" inclúe o Plan de organización do servizo (POS), que se valora con ata 30 puntos (apartado 7.A.1 da FEC).

As regras de presentación do mesmo están recollidas no apartado 6.A da FEC "CONTIDO SOBRE B":

*"Incluirá a documentación acreditativa do criterio avaliable mediante xuízo de valor.*

*Requisitos de presentación:*

- *Presentarase un único arquivo dixital para toda a documentación relativa ao criterio de xuízo de valor cun máximo de 70 páxinas (incluídos índices, portadas, gráficos e táboas), con tipo de letra tipo Arial, Verdana ou Times New Roman e tamaño 11. O arquivo dixital non debe superar os 5 MB de tamaño.*
- *A denominación do arquivo deberá estar conformada pola seguinte nomenclatura: "nome abreviado da empresa licitadora (máximo de 20 caracteres)"; sobre B; POS."*

As regras de valoración están recollidas no apartado 7. A.1 da FEC:

#### **Regras de puntuación:**

- Establécese un umbral mínimo de puntuación a acadar na fase de valoración das proposicións avaliables mediante xuízo de valor, polo cal estableceranse dous apartados para a clasificación dentro deste criterios:
  - a) Ofertas con calidade técnica inadecuada. Serán todas aquelas proposicións que obteñan unha puntuación polo criterio avaliable mediante xuízo de valor inferior ao 50 % da puntuación máxima do criterio.
  - b) Ofertas con calidade técnica suficiente. Serán todas aquelas proposicións que obteñan unha puntuación polo criterio avaliable mediante xuízo de valor igual ou superior ao 50 % da puntuación máxima do criterio.

Aquelas ofertas situadas no intervalo de calidade técnica inadecuada serán excluídas do proceso de licitación.

- Cando a documentación presentada non cumpra cos requisitos de presentación recollidos no apartado 6A desta FEC, procederase á súa valoración técnica pero a puntuación reducirase nun 25%.

O sobre B foi aberto pola Mesa de Contratación na sesión de data 18 de setembro, e solicitouse informe de valoración do mesmo ó servizo xestor. Este evacúase en data 24 de setembro polo adxunto ao xefe do Servizo de Deportes. O mesmo é aceptado pola Mesa na sesión de 29 de setembro. No mesmo non se fai mención do cumprimento dos requisitos formais de presentación da documentación.

En data 29 de outubro INTEGRA presenta escrito solicitando:



## Concello de Vigo

- Que se realice una comprobación con el departamento de informática respecto a si el archivo presentado cumple con los requisitos del apartado 6.A y el tamaño de la letra es uniforme y tamaño 11 y del formato establecido.
- Que se proceda a reducir la puntuación de UNIUM en un 25% por aplicación del Pliego.

En cumprimento do solicitado polo recorrente solicitáronse os seguintes informes:

- O xefe do Servizo de Administración Electrónica e o programador informático, en relación co cumprimento dos requisitos de presentación das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor esixidos no apartado 6A no Anexo I -FEC- do PCAP de todos os licitadores presentados a esta licitación
- O adxunto ao xefe do Servizo de Deportes en relación coa nova valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor á vista do informe anterior.

Ambos informes foron emitidos en data 11 de novembro de 2020. No primeiro destes informes manifestase que:

“Para o exame da documentación usáronse as ferramentas informáticas Adobe Acrobat Pro DC e Microsoft Word 2010. Unha vez revisada a documentación atopáronse os seguintes incumprimentos dos requisitos:

Grupo Sifu:

- Tipografía Century gothic de tamaño 18 e Gill Sans MT de tamaño 20 en portada.
- Tipografía Gill Sans MT de tamaños 15, 17 e 26 en índice e encabezados.
- Tipografía Arial de tamaño 12 e Gill Sans MT de tamaño 15 no resto do documento.

Unium:

- Nome do ficheiro: "PLAN DE EJECUCION DE LOS SERVICIOS.pdf".
- Tipografía Arial de tamaños 10 e 12 na portada.
- Tipografía Arial tamaños 10 e 16 no resto do documento.

Integra:

- Tipografía descoñecida de tamaño 24 na portada.
- Tipografía Times New Roman de tamaño 24 na portada.

Eulen:

- Tipografía descoñecida de tamaño 24 na portada.
- Tipografía Calibri de tamaño 12 na portada.
- Tipografía Calibri de tamaño 14 na páxina 4 e encabezados do resto do documento.
- Tipografía Times New Roman de tamaño 10 na páxina 5.
- Tipografía Times New Roman de tamaño 8 na páxina 6.

Serviplus Total:

- Tipografía descoñecida de tamaños 16 e 30 na portada.

Osventos:

- Tipografía descoñecida de tamaños 26 e 28 na portada.
- Tipografía Calibri de tamaño 14 en portada.
- Tipografía Calibri de tamaños 12 e 14 en Índice.
- Tipografía Calibri de tamaño 14 en encabezados.
- Tipografía Calibri de tamaños 12 e 13 en apartados 2.1 e 3.1.

Samyl:

- Nome do ficheiro: "Documentacion criterios evaluables mediante juicio de valor\_signed.pdf".
- Tipografía Arial de tamaño 14 na portada.
- Tipografía Arial de tamaño 13 en encabezados".

Á vista do mesmo, pode observarse que todos os licitadores incumpren os requisitos de presentación da documentación.

No segundo dos citados informes o servizo xestor procede a axustar as puntuacións de cada un dos licitadores no sobre B e volveu a formular a clasificación dos mesmos en orde descendente:

		SOBRE C	SOBRE B	TOTAL
1	UNIUM	69,1	11,25	80,35
2	INTEGRA	54,88	20,63	75,51
3	SERVICIOS AUXILIARES	61,34	14,25	75,59
4	OSVENTOS	57,43	11,25	68,68
5	EULEN	15,93	15	30,93

Na sesión do 16 de novembro de 2020 a Mesa aceptou estes informes e acordou "continuar coa tramitación do expediente sen necesidade de retrotraer actuacións, dado que a nova orde de clasificación das proposicións non varía en absoluto respecto da clasificación aprobada o 5 de outubro de 2020, polo que a retroacción de actuacións resultaría inútil e artificiosa. O principio de economía procesal pugna contra calquera retroacción de actuacións das que non se derivaría alteración do sentido do acto impugnado (Sentencia do Tribunal Supremo, Sala Terceira, do 23 de febreiro de 2012)".

INTEGRA presentou un novo escrito o 19 de novembro de 2020 solicitando que "se proceda a la exclusión de aquellas empresas que no hayan superado el umbral mínimo de puntuación en aplicación del apartado 7 del Anexo I del PCAP que establece "Aquelas ofertas situadas no intervalo de calidade técnica inadecuada serán excluídas do proceso de licitación".

Este solicitude é obxecto de informe xurídico da técnica do servizo de Contratación, de data 26 de novembro, que se reproduce a continuación:

"REVISIÓN DAS PUNTUACIÓNS OUTORGADAS ÁS PROPOSICIÓN AVALIABLES MEDIANTE XUIZO DE VALOR TRAS A SOLICITUDE FORMULADA POR INTEGRA O 29 DE OUTUBRO DE 2020

A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 30 de outubro de 2020 tomou razón do escrito presentado por INTEGRA o 29 de outubro de 2020 no que solicitaba:

- a) "Realice una comprobación con el departamento de informática respecto a si el archivo presentado cumple con los requisitos del apartado 6.A y el tamaño de la letra es uniforme y tamaño 11 y del formato establecido.



## Concello de Vigo

- b) Proceda a reducir a puntuación de UNIUM en un 25% por aplicación del Pliego.
- c) Solicitamos copia del expediente, en concreto, el contenido del sobre B de la licitadora UNIUM a efectos de valoración de posible Recurso”.

Na mesma sesión acordou “non continuar coa tramitación do procedemento e solicitar informe ao servizo xestor sobre as comprobacións pertinentes”.

Na sesión do 16 de novembro de 2020 a Mesa aceptou o informe asinado o 11 de novembro de 2020 polo xefe do Servizo de Administración Electrónica e o programador informático en relación co cumprimento dos requisitos de presentación das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor esixidos no apartado 6A no Anexo I -FEC- do PCAP de todos os licitadores presentados a esta licitación, así como o informe asinado polo adxunto ao xefe do Servizo de Deportes de data 11 de novembro de 2020 en relación coa nova valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor á vista do informe anterior. Así mesmo, acordou “continuar coa tramitación do expediente sen necesidade de retrotraer actuacións, dado que a nova orde de clasificación das proposicións non varía en absoluto respecto da clasificación aprobada o 5 de outubro de 2020, polo que a retroacción de actuacións resultaría inútil e artificiosa. O principio de economía procesal pugna contra calquera retroacción de actuacións das que non se derivaría alteración do sentido do acto impugnado (Sentencia do Tribunal Supremo, Sala Terceira, do 23 de febreiro de 2012)”.

Como se pode observar das actuacións e acordos da Mesa de Contratación revisouse e, en consecuencia, descontouse a correspondente puntuación aos licitadores, dando cumprimento ao solicitado no seu escrito de data 29 de outubro de 2020.

- CUMPRIMENTO DAS REGRAS DE PUNTUACIÓN PREVISTAS NO APARTADO 7A DO ANEXO I -FEC- AO PCAP E DOS PRINCIPIOS DA CONTRATACIÓN

No informe asinado polo adxunto ao xefe do Servizo de Deportes de data 11 de novembro de 2020 se indica expresamente “que procede a rebaixa da puntuación nun 25% a todos os licitadores na puntuación do sobre B, sendo a nova puntuación final segundo se recolle na táboa B). Non se recollen as empresas Serviplus e Grupo Sifu, xa que quedaran excluídas na fase de puntuación do sobre B ó non chegar o umbral mínimo de 15 puntos”.

A continuación o informe diferencia a puntuación outorgada ás empresas que superaron o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP da puntuación resultante tras a redución do 25% prevista no mesmo apartado do prego:

“A) Puntuación outorgada as empresas no sobre B e que superaran o umbral mínimo de 15 puntos.

	SOBRE B
UNIUM	15
INTEGRA	27,5
SERVICIOS AUXILIARES	19
OSVENTOS	15
EULEN	20

B) Nova puntuación restando o 25% por non axustarse os criterios do punto 6.A. das FEC.

	SOBRE C	SOBRE B	TOTAL
UNIUM	69,1	11,25	80,35
INTEGRA	54,88	20,63	75,51
SERVICIOS AUXILIARES	61,34	14,25	75,59
OSVENTOS	57,43	11,25	68,68
EULEN	15,93	15	30,93

O referido informe, aceptado pola Mesa de Contratación, aplicou as regras de puntuación recollidas no citado apartado 7A, que se reproducen a continuación:

- “Establécese un umbral mínimo de puntuación a acadar na fase de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor, polo cal estableceranse dous apartados para a clasificación dentro deste criterios:
    - a) Ofertas con calidade técnica inadecuada. Serán todas aquelas proposicións que obteñan unha puntuación polo criterio avaliada mediante xuízo de valor inferior ao 50 % da puntuación máxima do criterio.
    - b) Ofertas con calidade técnica suficiente. Serán todas aquelas proposicións que obteñan unha puntuación polo criterio avaliada mediante xuízo de valor igual ou superior ao 50 % da puntuación máxima do criterio.
- Aquelas ofertas situadas no intervalo de calidade técnica inadecuada serán excluídas do proceso de licitación.
- Cando a documentación presentada non cumpra cos requisitos de presentación recollidos no apartado 6A desta FEC, procederase á súa valoración técnica pero a puntuación reducirase nun 25%”.

En efecto, primeiro valorouse o Plan de organización do servizo (POS) dos licitadores admitidos e comprobouse que obtivesen unha puntuación igual ou superior ao 50% da puntuación máxima do criterio, que neste caso serían 15 puntos ao ser a máxima puntuación 30 puntos, para poder considerarse ofertas con calidade técnica adecuada.

O resultado desta valoración, segundo resulta do primeiro informe de valoración do sobre B de data 24 de setembro e do informe do 11 de novembro de 2020, é o seguinte:

	EMPRESA	POS (PLAN DE ORGANIZACION DO SERVICIO)
1	EULEN S.A	20
2	INTEGRA CENTROS ESPECIALES DE EMPLEO	27,5
3	OSVENTOS INNOVACION EN SERVICIOS S.L.	15





## Concello de Vigo

4	SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA S.L.	19
5	SERVIPLUSTOTAL S.L.	13
6	GRUPO SIFU S.L.	10
7	UNIUN SERVICIOS AUXILIARES	15

Á vista das puntuacións outorgadas a Mesa aceptou o informe asinado polo adxunto ao xefe do Servizo de Deportes o 24 de setembro de 2020 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor” e acordou excluír deste procedemento a SERVIPLUSTOTAL, S.L. e GRUPO SIFU, S.L. por non acadan o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.

Pois ben, en cumprimento das regras de puntuación recollidas no PCAP, que é a lei do contrato, comprobouse en primeiro lugar se as ofertas dos licitadores admitidos tiñan calidade técnica suficiente. Aquelas ofertas que tiveron calidade técnica inadecuada, isto é, as presentadas por SERVIPLUSTOTAL, S.L. e GRUPO SIFU, S.L. que acadaron 13 e 10 puntos, respectivamente, foron excluídas da licitación en cumprimento da sanción prevista no PCAP (“Aquelas ofertas situadas no intervalo de calidade técnica inadecuada serán excluídas do proceso de licitación”).

Agora ben, o prego establece, como xa se indicou, outra regra de puntuación referida a aspectos puramente formais, non de calidade técnica, como é a seguinte:

“Cando a documentación presentada non cumpra cos requisitos de presentación recollidos no apartado 6A desta FEC, procederase á súa valoración técnica pero a puntuación reducirase nun 25%”.

Como se pode observar a sanción prevista no prego para o incumprimento dos requisitos de presentación non é a exclusión, a diferenza do que acontece co umbral, senón unicamente a redución da puntuación nun 25%.

Estas regras foron respectadas no informe do 11 de novembro de 2020 ao aplicar a redución unicamente aos licitadores que presentaron ofertas con calidade técnica suficiente, sen prexuízo de que ao aplicar a referida redución as puntuacións dos licitadores puideran quedar por debaixo dos 15 puntos, pois ese umbral só resulta de aplicación para determinar a calidade técnica das ofertas.

De ter en conta as puntuacións unha vez aplicada a redución, a sanción por incumprimento dos requisitos de presentación podería carrexar a exclusión do procedemento de ofertas con calidade técnica adecuada e esta non é precisamente a sanción que contempla o prego que indica “procederase á súa valoración técnica pero a puntuación reducirase nun 25%”. A exclusión dos licitadores por non acadar os 15 puntos tras a redución do 25% tería como consecuencia excluír do procedemento ofertas con calidade técnica adecuada, o que resulta a todas luces contradictorio cos principios que inspiran a contratación.

En efecto, non se pode perder de vista que a Administración, por mandato da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público debe conseguir unha mellor relación calidade-prezo:

- preámbulo: “Los objetivos que inspiran la regulación contenida en la presente Ley son, en primer lugar, lograr una mayor transparencia en la contratación pública, y en segundo lugar el de conseguir una mejor relación calidad-precio”.
- artículo 1.3: “En toda contratación pública se incorporarán de manera transversal y preceptiva criterios sociales y medioambientales siempre que guarde relación con el objeto del contrato, en la convicción de que su inclusión proporciona una mejor relación calidad-precio en la prestación contractual, así como una mayor y mejor eficiencia en la utilización de los fondos públicos. Igualmente se facilitará el acceso a la contratación pública de las pequeñas y medianas empresas, así como de las empresas de economía social”.
- Artículo 131.2: “La adjudicación se realizará, ordinariamente utilizando una pluralidad de criterios de adjudicación basados en el principio de mejor relación calidad-precio, y utilizando el procedimiento abierto o el procedimiento restringido, salvo los contratos de concesión de servicios especiales del Anexo IV, que se adjudicarán mediante este último procedimiento”.
- Artículo 145: “La adjudicación de los contratos se realizará utilizando una pluralidad de criterios de adjudicación en base a la mejor relación calidad-precio”.

As regras de puntuación recollidas no PCAP respectan a citada normativa ao pretender conseguir unha mellor calidade-prezo, establecendo un mínimo de calidade nos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor (a través do umbral 50 % da puntuación máxima do criterio, contemplado no artigo 146.2 da LCSP) e valorando a redución dos prezos unitarios nos criterios avaliábeis a través de fórmula.

A pretensión de INTEGRÁ, no seu escrito de data 29 de novembro, ao solicitar a exclusión de “aquellas empresas que no hayan superado el umbral mínimo de puntuación en aplicación del apartado 7 del Anexo I del PCAP que establece “Aquellas ofertas situadas no intervalo de calidade técnica inadecuada serán excluídas do proceso de licitación”, resulta contraria non só ao principio da contratación de conseguir a oferta coa mellor relación calidade-prezo senón tamén ao carácter antiformalista da contratación defendido polos tribunais de recursos contractuais. Entre outras:

- Resolución nº 441/2017 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales, “este Tribunal ha tenido ocasión de pronunciarse sobre el contenido de estas cláusulas y su eficacia excluyente, en Resolución 818/2015, 11 de septiembre. Así, precisa la resolución citada que «como hemos señalado en otras resoluciones (como referencia, en la no 297/2015, de 30 de marzo) “un requisito formal relativo a la extensión de los documentos de la oferta no puede convertirse en causa de exclusión de la licitación, so pena de vulnerar tanto el principio de concurrencia como el objeto del procedimiento de licitación que es la búsqueda de la proposición que mejor satisfaga el interés general al que los entes del sector público sirven”. En este caso el requisito formal tiene por objeto el facilitar la valoración de las ofertas por los técnicos y evitar que la extensión y formato de las mismas dificulte esa tarea. Las especificaciones del PCAP hay que tomarlas como orientaciones para facilitar la valoración”.

“En cuanto a cómo han venido resolviendo este tipo de conflictos los Tribunales de contratación, podemos mencionar, por ejemplo, nuestra Resolución 294/2017, de 24 de marzo, en la que dijimos: “Respecto de la cuestión relativa a la fijación de una extensión máxima para la documentación integrante de las proposiciones, conviene traer aquí a colación lo que señalábamos en nuestra Resolución no 1060/2015 “( ) debe tenerse en cuenta que el Pliego de Cláusulas Administrativas no prevé para la superación de la ex-



## Concello de Vigo

tensión máxima sanción alguna, por lo que debe examinarse si aplicar esta consecuencia a la presentación de una oferta que, ciertamente, supera el límite formal previsto para las ofertas y señalado en los Pliegos, puede implicar un excesivo rigor formal que conculque el principio de concurrencia en la contratación en el sector público”.

Como vemos, pueden plantearse diferentes supuestos, dependiendo, por un lado, de cómo se hayan redactado los pliegos, y por otro, de los hechos concretos que hayan acontecido. Puede haber ocurrido que los pliegos hayan previsto alguna sanción concreta para el incumplimiento de los requisitos de forma, o que, por el contrario, sólo contengan orientaciones exentas de sanción alguna. Por otro lado, se encontraría el plano concreto de los hechos, y la determinación de si ha existido infracción de los pliegos, y en su caso, de qué entidad, o por ejemplo, por último, si la infracción ha otorgado ventaja al licitador incumplidor.

- Resolución nº 650/2017 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales: “este Tribunal tiene declarado (en tal sentido, la resolución 297/2015) que, como regla general, “un requisito formal relativo a la extensión de los documentos de la oferta no puede convertirse en causa de exclusión de la licitación, so pena de vulnerar tanto el principio de concurrencia como el objeto del procedimiento de licitación que es la búsqueda de la proposición que mejor satisfaga el interés general al que los entes del sector público sirven, y no facilitar la valoración de las ofertas por los técnicos”.
- Resolución nº 1022/2017 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales: “Como se ha indicado al consignar las alegaciones del recurrente, este Tribunal se ha pronunciado anteriormente sobre la cuestión planteada. De las resoluciones mencionadas en los escritos y de otras igualmente aplicables a la cuestión, puede sintetizarse nuestra doctrina con la resolución 1038/2016 que indica que “este Tribunal tiene declarado (en tal sentido, la resolución 297/2015) que, como regla general, “un requisito formal relativo a la extensión de los documentos de la oferta no puede convertirse en causa de exclusión de la licitación, so pena de vulnerar tanto el principio de concurrencia como el objeto del procedimiento de licitación que es la búsqueda de la proposición que mejor satisfaga el interés general al que los entes del sector público sirven, y no facilitar la valoración de las ofertas por los técnicos”.

A mencionada resolución 441/2017, invocada tamén por INTEGRRA no seu escrito, refírese a un suposto no que o prego prevé como sanción polo incumprimento dos requisitos de presentación “Toda aquela oferta presentada en formato diferente no será tenida en cuenta”, por iso o Tribunal indica “Estimamos, por tanto, y para concluir con este apartado del recurso, que el manifiesto incumplimiento de las previsiones del pliego en que ha incurrido la oferta del recurrente no puede sino llevar a confirmar como correcto el proceder del técnico municipal al no valorar el Anexo presentado con manifiesto incumplimiento del pliego. Otra cosa supondría quebrar el principio de igualdad entre los licitadores, visto que el resto se ha ajustado a las exigencias del PCAP sobre este extremo”. Como se pode apreciar o Tribunal confirma a actuación do técnico municipal atendendo á concreta sanción que o correspondente prego contemplaba (“no será tenida en cuenta”), pero en ningún caso considerou que debería ser excluída da licitación.

O criterio mantido polo adxunto ao xefe do Servizo de Deportes e pola Mesa de Contratación respecta escrupulosamente os principios de contratación, as regras de puntuación recollidas na lei do contrato (PACP) e o propio criterio sostido polos tribunais de recursos de que os requisitos formais non poden converterse en causa de exclusión. Evítase, en consecuencia que un excesivo

vo rigor formal poida conculcar outro principio da contratación, como é o de concorrencia. Ademais, en ningún caso se produciu unha vantaxe para os “incumpridores”, posto que aínda que non foron excluídos da licitación si se lles reduciu a puntuación nun 25%. Esta redución se aplicou a todos os licitadores por igual, pois como resulta do informe asinado o 11 de novembro polo xefe do Servizo de Administración Electrónica e o programador informático, todos incumpriron os requisitos de presentación esixidos no prego, polo que tamén se veu garantido o principio de igualdade de trato.

En definitiva, e en contestación á solicitude formula por INTEGRRA, a Mesa de Contratación xa excluíu da licitación aos dous licitadores cuxas proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor non acadaron o umbral do 50% esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP (SERVIPLUSTOTAL, S.L. e GRUPO SIFU, S.L.), non procedendo a exclusión de máis licitadores por este motivo, posto que os demais si superaron ese umbral e o PCAP que rexe esta contratación non contempla a exclusión por incumprimento dos requisitos de presentación”.

A informante subscribe o criterio recollido no informe reproducido. Procede, pois, á vista do exposto, propoñer ó Tribunal a desestimación desta alegación.

#### **-VI- Conclusiones**

Á vista do exposto ó longo deste informe, en opinión da informante, procede solicitar do Tribunal a admisión do recurso.

Con respecto ao fondo do recurso, por se o Tribunal considera que debe admitirse o mesmo, unha vez analizados, no fundamento xurídico V deste informe, os motivos alegados polo recorrente para a impugnación do acordo de adxudicación do procedemento que nos ocupa, procede solicitar do Tribunal, a desestimación das alegacións formuladas polo mesmo no seu escrito de recurso, polas razóns esgrimidas no citado fundamento xurídico.

#### **-VII- Medidas cautelares**

A lei prevé que o recorrente poida solicitar do órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados.

Así mesmo, a lei configura no artigo 53 a medida cautelar de suspensión do procedemento, como efecto derivado da interposición do recurso, máis so no caso de que o acto impugnado sexa o de adxudicación do procedemento, como no caso que nos ocupa. En consecuencia, solicítase do Tribunal a adopción da medida cautelar de suspensión.

#### **-VIII- Acordo**

En mérito ao exposto, se propon á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“1º.- Aprobar o presente informe.*

*2º.-Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia”.*



## Concello de Vigo

### **4(1073).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE FORMACIÓN ESPECÍFICA DO PROGRAMA INTEGRADO PARA O EMPREGO DO CONCELLO DE VIGO 2019/20 (Lote 1). EXPTE. 16940/77.**

Visto o informe de fiscalización de data 11/12/2020, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada coa mesma data, que di o seguinte:

d) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de formación específica do programa integrado para o emprego do Concello de Vigo 2019/20 (16.940-77) (lote 1)

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de formación específica do programa integrado para o emprego do Concello de Vigo 2019/20 (16.940-77)

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 17 de setembro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

*1º. Aprobar o expediente de contratación (77) por procedemento aberto simplificado do SERVIZO DE FORMACIÓN ESPECÍFICA DO PROGRAMA INTEGRADO PARA O EMPREGO DO CONCELLO DE VIGO 2019/20*

*2º. Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, de 17 de agosto de 2020, e o prego de cláusulas administrativas particulares, de 18 de agosto de 2020, que rexerán a contratación do SERVIZO DE FORMACIÓN ESPECÍFICA DO PROGRAMA INTEGRADO PARA O EMPREGO DO CONCELLO DE VIGO 2019/20 .*

*3º.- Aprobar o gasto de 21.300,00 € para a contratación do SERVIZO DE FORMACIÓN ESPECÍFICA DO PROGRAMA INTEGRADO PARA O EMPREGO DO CONCELLO DE VIGO 2019/20 , con cargo á aplicación orzamentaria 2410 2279918 "FORMACIÓN PIE CONCELLO 19/20", do vixente orzamento do concello de vigo do ano 2020.*

*4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida".*

**Segundo.-** A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 4 de novembro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de formación específica do programa integrado para o emprego do Concello de Vigo 2019/20 (16.940-77) na seguinte orde descendente:

- Lote I: ACTIVIDADES AUXILIARES DE ALMACÉN (COML0110)

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	FOROX INNOVACIÓN, S.L.	74,00
2	ASOCIACION EMPRESARIAL DE TRANSPORTES DE MERCANCÍAS POR CARRETERA (APETAMP-COR)	40,93

- Lote II: ACCIÓNS FORMATIVAS MODALIDADE TELEFORMACIÓN

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	FOROX INNOVACIÓN, S.L.	74,00

- Lote III: CARRETILLERO

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	FOROX INNOVACIÓN, S.L.	74,00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos tres lotes deste procedemento, FOROX INNOVACIÓN, S.L. (B-27.742.014), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Registro Oficial de Licitadores y Empresas Clasificadas del Sector Público:

- Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.
- Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
- Acreditación da solvencia económica e técnica e da habilitación profesional esixida no apartado 5 das FEC.
- Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
- Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais aos cales se comprometeu na súa oferta, conforme ao modelo incluído no Anexo II”.



## Concello de Vigo

**Terceiro.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, FOROX INNOVACIÓN, S.L., o día 5 de novembro de 2020, que presenta a documentación requirida 16 de novembro, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación revisou a documentación presentada na sesión do 19 de novembro de 2020 e acordou conceder un prazo de 3 días para que puidese emendar a acreditación da solvencia técnica.

O 25 e 26 de novembro, o licitador presentou documentación.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 27 de novembro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

**Quinto.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 3 de decembro de 2020 adoptou o seguinte acordo:

*“Adxudicar a FOROX INNOVACIÓN, S.L. (B-27.742.014) os 3 lotes do procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de formación específica do programa integrado para o emprego do Concello de Vigo 2019/20 (16.940-77) coas seguintes condicións:*

*- Lote I: ACTIVIDADES AUXILIARES DE ALMACÉN (COML0110)*

- O prezo total do lote é de 15.750,00 euros (exento de IVE) cunha porcentaxe de redución do 20% a aplicar ao prezo unitario para actividades auxiliares de almacén previsto no apartado 3.G do Anexo I -FEC-.*
- Acredita que o persoal adscrito á execución do contrato ten unha experiencia nos últimos cinco anos de 2 anos de experiencia docente en ocupacións relacionadas coas actividades auxiliares de almacén.*

*- Lote II: ACCIÓNS FORMATIVAS MODALIDADE TELEFORMACIÓN*

- O prezo total do lote é de 2.850 euros (exento de IVE) cunha porcentaxe de redución do 2,63% a aplicar aos prezos unitarios para accións formativas modalidade teleformación previstos no apartado 3.G do Anexo I -FEC-.*
- Acredita que o persoal adscrito á execución do contrato ten realizado nos últimos tres anos de 2 cursos de mais de 20 horas relacionado coas accións formativas modalidade teleformación.*
- Acredita que o persoal adscrito á execución do contrato ten unha experiencia nos últimos cinco anos:*

- *5 anos de experiencia docente en ocupacións relacionadas coas accións formativas modalidade teleformación.*
- *1 ano de experiencia profesional en ocupacións relacionadas coas accións formativas modalidade teleformación.*

**- Lote III: CARRETILLERO**

- *O prezo total do lote é de 2.700,00 euros cunha porcentaxe de redución do 3,7% a aplicar ao prezo unitario para as accións formativas de manexo de medios mecánicos (carretilleiro) previsto no apartado 3.G do Anexo I -FEC-.*
- *Acredita que o persoal adscrito á execución do contrato ten unha experiencia nos últimos cinco anos de 5 anos de experiencia docente en ocupacións relacionadas coas accións formativas de manexo de medios mecánicos (carretilleiro).*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

Este acordo foi notificado ao adxudicatario dos 3 lotes o 3 de decembro de 2020.

**Sexto.-** Con data do 3 de decembro de 2020 a responsable do contrato, ao abeiro da obriga do adxudicatario recollida no apartado 16b do Anexo I -FEC- do PCAP, requiriu a FOROX INNOVACIÓN, S.L. a presentación da documentación acreditativa de dispor dos medios materiais e persoais homologados e/ou reunir as condicións establecidas na normativa que lles sexa de aplicación para impartir na modalidade de teleformación o LOTE I ACTIVIDADES AUXILIARES DE ALMACÉN (COML0110) a fin de poder asinar o contrato, concedéndolle un prazo máximo de 24 horas.

**Sétimo.-** O 7 de decembro de 2020 a responsable do contrato emite informe no que se indica:

*“[...] Oitavo.- Na data de emisión do presente informe, transcorrido o prazo outorgado na notificación practicada referida no parágrafo anterior, non se ten recibido a documentación requirida.*

*De acordo co anterior e, unha vez transcorrido o prazo outorgado a través da notificación practicada co nº de saída 78845 sen que por parte da entidade adxudicataria se teña atendido o devandito requirimento, non resulta procedente formalizar o presente contrato correspondente ao LOTE I ACTIVIDADES AUXILIARES DE ALMACÉN (COML0110), por canto a entidade non acredita posuír a acreditación esixida para poder impartir a dita formación na modalidade de teleformación, que constitúe o obxecto do dito contrato”.*

**Oitavo.-** Con data do 10 de decembro de 2020 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:





## Concello de Vigo

*1º.- Decidir non formalizar o lote 1 ACTIVIDADES AUXILIARES DE ALMACÉN (COML0110) do contrato do servizo de formación específica do programa integrado para o emprego do Concello de Vigo 2019/20, adxudicado en data 3 de decembro de 2020 a FOROX INNOVACIÓN, S.L., por non estar homologado para impartir a formación na modalidade de teleformación, conforme ó establecido na Orde Ess/ 1897/2013.*

*2º.- Dar trámite de audiencia, por prazo de dez días hábiles, a FOROX INNOVACIÓN, S.L., sobre a imposición unha penalidade do 3 por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído, por importe de 472,50 euros, que farase efectiva sobre a garantía definitiva de 787,50 euros constituída mediante transferencia bancaria o 16 de novembro de 2020.*

*3º.- Notificar este acordo a ASOCIACION EMPRESARIAL DE TRANSPORTES DE MERCANCÍAS POR CARRETERA (APETAMPCOR), e requirirille para que presente a documentación relacionada no artigo 150.2 da LCSP e na cláusula 22.1 do PCAP, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento.*

*4º.- Publicar este acordo no perfil de contratante."*

Este acordo foi notificado ao segundo clasificado no lote 1, ASOCIACION EMPRESARIAL DE TRANSPORTES DE MERCANCÍAS POR CARRETERA (APETAMPCOR), o 11 de decembro de 2020, que presenta a documentación requirida o mesmo día, dentro do prazo concedido.

**Noveno.-** A Mesa de Contratación na sesión do 11 de decembro de 2020 revisou a documentación presentada pola ASOCIACION EMPRESARIAL DE TRANSPORTES DE MERCANCÍAS POR CARRETERA (APETAMPCOR) sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación do lote 1 deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en segundo lugar no lote 1, ASOCIACION EMPRESARIAL DE TRANSPORTES DE MERCANCÍAS POR CARRETERA (APETAMPCOR), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145,

segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A segunda oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada pola ASOCIACION EMPRESARIAL DE TRANSPORTES DE MERCANCÍAS POR CARRETERA (APETAMPCOR), de conformidade cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmulas de datas 16 de 29 de outubro de 2020, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a ASOCIACION EMPRESARIAL DE TRANSPORTES DE MERCANCÍAS POR CARRETERA (APETAMPCOR) (G-32.026.056) o lote 1 “ACTIVIDADES AUXILIARES DE ALMACÉN (COML0110)” do procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de formación específica do programa integrado para o emprego do Concello de Vigo 2019/20 (16.940-77) coas seguintes condicións:*

- O prezo total do lote é de 15.750,00 euros (exento de IVE) cunha porcentaxe de redución do 4,8% a aplicar ao prezo unitario para actividades auxiliares de almacén previsto no apartado 3.G do Anexo I -FEC-.*
- Acredita que o persoal adscrito á execución do contrato ten unha experiencia nos últimos tres anos de 5 cursos de máis de 20 horas relacionado coas actividades auxiliares de almacén.*
- Acredita que o persoal adscrito á execución do contrato ten unha experiencia nos últimos cinco anos de 3,5 anos de experiencia docente en ocupacións relacionadas coas actividades auxiliares de almacén.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(1074).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESEÑO E PRODUCCIÓN DAS CARROZAS ESCENARIO MUNICIPAIS PARA A CABALGATA DE REIS 2021. EXPTE. 8625/335.**

Visto o informe de fiscalización de data 11/12/2020, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada coa mesma data, que di o seguinte:



## Concello de Vigo

### 11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de deseño e produción das carrozas escenario municipais para a Cabalgata de Reis 2021 (8.625-335)

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de deseño e produción das carrozas escenario municipais para a Cabalgata de Reis 2021 (8.625-335)

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 19 de novembro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da prestación do servizo contratación do deseño e produción das cinco carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2021 (expediente nº 8625-335), que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 19 de novembro de 2020 asinado pola instrutora do expediente (decreto 17/11/20) o prego de prescricións administrativas particulares de data 19 de novembro de 2020, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.*

*Segundo .- Autorizar un gasto de 65.041,00 euros, que podería imputarse á aplicación 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio 2020 por importe de 45.528,70 € (70% do importe do prezo de contrato; e con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis) do programa orzamentario de 2021 por importe de 19.512,30 € (30% do importe do prezo de contrato).*

*Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.*

*Cuarto.- Solicitar a declaración de urxencia do expediente”.*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 4 de decembro de 2020 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de*

deseño e produción das carrozas escenario municipais para a Cabalgata de Reis 2021 (8.625-335) na seguinte orde descendente:

<b>Orde</b>	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1	CARROFESTA, S.L.	89,91
2	IÑAKI BECERRA, S.L.	76,00
3	LA FIESTA ESCÉNICA, S.L.	66,50

**Segundo.-** Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CARROFESTA, S.L. (B-32.475.972), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CARROFESTA, S.L., o día 4 de decembro de 2020, que presenta a documentación requirida o 10 de decembro, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 11 de decembro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CARROFESTA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.



## Concello de Vigo

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CARROFESTA, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 3 e 4 de decembro de 2020, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a CARROFESTA, S.L. (B-32.475.972) o procedemento aberto para a contratación do servizo de deseño e produción das carrozas escenario municipais para a Cabalgata de Reis 2021 (8.625-335) coas seguintes condicións:*

- a) O prezo total do contrato é de 60.379'00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 10.479'00 euros.*
- b) Inclúe na oferta a cubrición e decoración artística das cabezas tractoras con bosquejo.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(1075).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VENDA DE ENTRADAS DA PROGRAMACIÓN DE ARTES ESCÉNICAS ORGANIZADA POLA CONCELLERÍA DE CULTURA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 3508/330.**

Visto o informe xurídico de data 09/12/2020 e o informe de fiscalización do 10/12/2020, dáse conta do informe-proposta de data 10/12/2020, asinado pola técnica media de actividades culturais, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP)
- 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.
- Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

## **ANTECEDENTES**

No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe de necesidade e idoneidade e orde de inicio de expediente de data 20 de outubro de 2020, asinado pola técnica media de actividades culturais e educativas, xefe do servizo de xestión e promoción cultural, concelleiro-delegado da Área de Cultura, concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda e Secretaria de Administración Municipal.
- Memoria económica de data 20 de outubro de 2020, asinada pola técnica media de actividades culturais e educativas, xefe do servizo de xestión e promoción cultural e concelleiro-delegado da Área de Cultura.
- Documento económico de data 21 de outubro de 2020, asinado polo Director Superior Contable e Orzamentario da Intervención Municipal.
- Declaración da redactora do Prego Técnico de data 17 de novembro de 2020, asinado pola técnica media de actividades culturais e educativas e polo xefe do servizo de xestión e promoción cultural.
- Prego de prescricións técnicas particulares, de data 25 de novembro de 2020, asinado pola técnica media de actividades culturais e educativas, polo xefe do servizo de xestión e promoción cultural e o concelleiro-delegado da Área de Cultura, en galego e castelán.
- Memoria xustificativa, de data 25 de novembro de 2020, asinado pola técnica media de actividades culturais e educativas, polo xefe do servizo de xestión e promoción cultural e o concelleiro-delegado da Área de Cultura.
- Informe do servizo de contratación de data 30 de novembro de 2020, asinado pola técnica de administración xeral do servizo de Contratación.
- Prego de cláusulas administrativas, de data 30 de novembro de 2020, asinado pola técnica de administración xeral do servizo de Contratación e a xefa do Servizo de Contratación.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro:** De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, establécese a competencia dos concellos relativa ás actividades e instalacións culturais.

**Segundo:** O expediente de contratación iniciárase polo órgano de contratación de acordo co disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público; no Concello de Vigo esta competencia atopábase delegada nos Concelleiros de Area segundo o Decreto de delegación de competencias de Alcaldía do 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno local da mesma data.



## Concello de Vigo

**Terceiro:** En cumprimento do establecido no artigo 28 da LCSP o concelleiro-delegado da Área de Cultura asinou o informe da necesidade e idoneidade da contratación do servizo de venda de entradas da programación de artes escénicas organizada pola Concellería de Cultura.

**Cuarto:** En cumprimento do establecido no artigo 116.1. LCSP, consta no expediente, a resolución de inicio asinada polo concelleiro-delegado da Área de Cultura.

**Quinto:** De acordo co establecido no artigo 116.4 LCSP consta a memoria xustificativa e o prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 da LCSP) asinados pola técnica media de actividades culturais e educativas, polo xefe do servizo de xestión e promoción cultural e conformada polo concelleiro-delegado da Área de Cultura; así como o prego de prescricións administrativas particulares, subscrito pola Xefa do Servizo de Contratación.

**Sexto:** Na memoria xustificativa xustifícase, entre outras cuestións: a xustificación de insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP), a non división en lotes (artigo 99.3 LCSP), o prazo de duración do contrato e execución da prestación (artigo 29 LCSP); o prezo, o orzamento base de licitación, (artigo 100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Sétimo:** No relativo á clasificación do contrato trátase dun contrato de servizos segundo o establecido no artigo 17 Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público. O contrato ten carácter administrativo de acordo ao disposto no artigo 25 da LCSP. A adxudicación realizarase por sistema de procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria e tramitarase como un expediente anticipado de gasto, cuxa primeira anualidade irá con cargo ao orzamento 2021.

**Oitavo:** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Noveno:** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispón que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente corresponda emitir á Intervención Xeral en canto ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

O importe de licitación de contrato (24 mensualidades) é de 41.852,64 €, co IVE incluído.

Anualidades.- Período fixo do contrato

ANUALIDADE	2021	2022
TOTAL	20.926,32 €	20.926,32 €

Período fixo do contrato.-

Financiamento do importe de licitación 2021.- 20.926,32 €  
Aplicación orzamentaria: 3340.227.99.00 “traballos e servizos”

Financiamento do importe de licitación 2022.- 20.926,32 €  
Aplicación orzamentaria: 3340.227.99.00 “traballos e servizos”

**Décimo:** A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, coas conformidades do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º.- Aprobar a contratación, a través de procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria, da contratación do servizo de venda de entradas da programación de artes escénicas organizada pola Concellería de Cultura.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, de data 25 de novembro de 2020, redactadas pola técnica media de actividades culturais e educativas, conformadas polo xefe do servizo de Xestión Cultural e polo concelleiro-delegado da Área de Cultura.

3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexerá a citada contratación, de data 30 de novembro de 2020, redactado polo Servizo de Contratación.

4º.- Autorizar o gasto por importe total de 41.852,64 € €, co IVE incluído (corenta e un mil oitocentos cincuenta e dous euros con sesenta e catro céntimos), para un período de dous anos, que se financiarán de acordo co seguinte detalle:  
Exercicio 2021.- 20.926,32 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.227.99.00 “traballos e servizos”.  
Exercicio 2022.- 20.926,32 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.227.99.00 “traballos e servizos”.

5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.





## **Concello de Vigo**

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e corenta e cinco minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez